

Xosé Miranda, galardoado por «Morning Star» e Antonio Reigosa Carreira, por «A golpilleira»

Dous lucenses acadan o premio Xerais de novela e Merlín de literatura infantil

Os premios Xerais e Merlín deste ano viaxaron a Lugo. Onte á noite, no Instituto Galego da Información, en Santiago de Compostela, tivo lugar o fallo destes premios. No apartado de novela, a obra gañadora foi a presentada baixo o lema «Morning Star» por Xosé

Miranda Ruíz. O verdadeiro título desta «novela de aventuras», como a definiu o seu autor, é «Lourenzo Tasende». O Merlín de literatura infantil foi para un autor que ten xa catro libros escritos pero ningún publicado: Antonio Reigosa Carreira.

SANTIAGO. RODRI GARCÍA
Redacción

A obra que presentou Antonio Reigosa tiña como lema *A golpilleira* pero o seu verdadeiro título é *Afonso. Alfonso. Memorias dun raposo*. O gañador do premio Merlín recoñecía: «Teño catro libros entregados para editar, pero ningún publicado».

Curiosamente, Antonio Reigosa está traballando con Xosé Miranda, e outro escritor lucense, Xoán Cuba, nunha colección de contos tomados da tradición oral e recollidos en Galicia que poderían editarse dentro de pouco tempo.

En 1989, este guía do Museo Provincial de Lugo, tamén gañou o premio de O Facho «pero penso que non chegou a publicarse», indica.

De tódolos xeitos, asegura que «o premio do que estou máis orgulloso, aínda que non é de literatura, é o das artes e tradicións populares do Ministerio de Cultura» que recibiu tamén a finais dos anos oitenta por un programa de radio. Nos últimos sete anos leva recollido moito material antropológico pola Terra Cha «que teremos que empezar a ir editando». O primeiro libro que posiblemente vexa publicado Antonio Reigosa será o que se presente no mes de novembro sobre literatura popular e que leva por título *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*.



Xosé Miranda gañou o Xerais cunha historia de aventuras dun fato de bandoleiros galegos

MÁRQUEZ

«En Galicia hai moitas aventuras por contar»

Xosé Miranda Ruíz (Lugo, 1955) levaba tempo matinando na obra gañadora do Xerais, á que lle adicou un ano para escribirla. «Con esta novela pretendía demostrar que as grandes aventuras, como a dos americanos no oeste, tamén se poden vivir en Galicia», explica este licenciado en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago.

Miranda insiste en que non é unha obra histórica, senón unha novela de aventuras xa que «pretendo recuperar a aventura».

O protagonista, Lourenzo Tasende, «é un bandoleiro histórico que, tal e como aparece na novela, era taberneiro e fillo de escribano». Tamén son personaxes reais Tomás

das Congostras e Lázaro Rivadulla, dous bandoleiros que lideran as dúas gavelas que se enfrontan ó longo das máis de ducenas páxinas da obra.

Tamén é real, explica este profesor de ensino medio, Campanachoca, un cego que andaba cos seus cantares polas rúas de Compostela e que na novela defende o protagonista, Lourenzo Tasende, a pesar de que o invidente forma parte dun fato de bandidos que persiguen ó rapaz.

A trama, ambientada a mediados do século pasado, discorre sobre todo por Pontevedra, con incursións en Santiago e Lugo, e conta a azarosa vida desde neno de Lou-

renzo Tasende. Polo medio, ademais dos personaxes históricos xa citados, aparece unha referencia o fusilamento dos mártires de Carral. Tamén hai un tesouro agachado que todos buscan pero do que moi poucos saben onde está.

Xosé Miranda lembraba onte que no ano 1990 xa gañou o premio Manuel García Barros de novela con *Historia dun paraguas azul* e, no 96, o Esquíu de poesía. De tódolos xeitos, a súa produción literaria, polo de agora, está formada por dez libros, «seis de narrativa e catro de poesía». Un dos últimos de narrativa foi *O demo á orella* (Xerais).

Galardón especial ó Instituto da Lingua Galega

No decurso da festa de Xerais, na que actuou de mantedor Salvador García Bodaño, fíxose a entrega do segundo premio á Colaboración Literaria, concedido este ano ó Instituto da Lingua Galega (Inla), polo seu labor en defensa do idioma. O instituto desenvolve o seu traballo dunha maneira activa desde a súa fundación no ano 1971. O galardón foi recollido polo director do Inla, o lucense Antón Santamarina, quen no mesmo día leu o seu discurso de ingreso na Real Academia.

Na festa non faltou a música galega, faceta na que se introduciu tamén a editorial. César Morán e mailo seu grupo ofreceron un recital de parte do repertorio do que será o seu próximo disco, publicado por Xerais: poemas musicados de Rosalía de Castro, Manuel Rivas e Xosé Luís Méndez Ferrín.